

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

DECRETO 130/2013, do 1 de agosto, polo que se regula a explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

En concordancia cos artigos 148.1.6ª e 149.1.20ª da Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 27.9 que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do seu ámbito territorial, a competencia exclusiva en materia de portos non cualificados de interese xeral polo Estado, portos de refuxio e portos deportivos.

Desde o ano 1997, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da entidade pública instrumental Portos de Galicia, creada pola Lei 5/1994, do 29 de novembro, vén fomentando o sector portuario da náutica deportiva e de lecer non profesional dentro dunha ampla iniciativa de reactivación da actividade náutica como xeradora de negocio e actividade económica que redunde na creación de postos de traballo, e como factor complementario do pesqueiro e comercial.

O fomento deste sector e a crecente demanda de solicitudes de autorización de uso de postos de atracada nas instalacións determina a necesidade de ditar a presente disposición xeral coa finalidade de mellorar a xestión e explotación dos portos e das zonas portuarias de uso náutico deportivo, homoxeneizando as condicións mínimas que deben reunir estas instalacións, tanto desde o punto de vista desa explotación e da prestación de servizos aos usuarios, como desde o punto de vista da aplicación de sistemas de xestión ambiental.

Por outra parte, regúlanse as relacións entre a Administración e os concesionarios, así como as relacións entre estes e os usuarios dos portos, definindo e concretando o obxecto e contido dos regulamentos de explotación, desenvolvendo o réxime de utilización e de prestación de servizos, concretando obrigacións, prohibicións, responsabilidades e medidas coercitivas que garantan a boa marcha da explotación e da prestación dos servizos. Simultaneamente a esta regulación, abórdase o réxime do procedemento para outorgar autorizacións de uso de postos de atracada pola Administración e o réxime aplicable a estas.



A disposición configúrase, por tanto, como regulamento autónomo de aplicación a portos deportivos e zonas portuarias de uso náutico-deportivo de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, de xeito que se integra no bloque normativo sectorial de regulación dos Portos, esencialmente constituído en canto a rango de lei, pola lexislación estatal, na actualidade representada polo Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, que aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, e a restante normativa autonómica de aplicación directa, en particular a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

O decreto consta de 45 artigos divididos en seis capítulos, así como dunha disposición adicional, cinco disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

No capítulo I, baixo a rúbrica de Disposicións xerais, determínase o obxecto e o ámbito de aplicación do decreto, defínense os conceptos básicos que este regula, os parámetros de protección e obxectivos de xestión, a cualificación xurídica dos portos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo e, en liña coa necesidade de homoxeneizar estas instalacións, recóllense as condicións básicas que deben reunir. Finalmente, e de maneira excepcional, prevese a posibilidade de compartir usos deportivos e pesqueiros dentro dunha ordenación que separe debidamente ambos os tráfico.

No capítulo II, dedicado ás concesións, dentro do marco e dos límites da lexislación sectorial aplicable, realízase a figura da concesión demanial como instrumento que permite a entrada da iniciativa privada na construción e explotación ou só na explotación destas instalacións, obxectivando os criterios mínimos que motivan o outorgamento ou a denegación das concesións, as condicións mínimas que deben reunir os títulos concesionais, o procedemento de outorgamento e os criterios mínimos de adjudicación para o caso de concurso, remitíndose finalmente en canto ás causas de extinción á lexislación estatal vixente en materia de portos de aplicación supletoria.

O capítulo III, coa rúbrica de Regulamentos de explotación dos portos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo, estrutúrase en tres seccións.

Na sección segunda regúlase, en primeiro lugar, o réxime de utilización e prohibicións que se aplican tanto aos titulares de concesións como aos usuarios de portos xestionados por medio desta figura. Regúlanse igualmente as obrigas dos usuarios dos portos, as causas que poden determinar a suspensión de servizos ou a extinción dos dereitos de uso de



postos de atracada, así como a denegación da entrada e prestación de servizos, establecéndose o procedemento para aplicar estas medidas coercitivas. Desenvólvese finalmente o réxime de responsabilidades aplicable tanto aos concesionarios como a Portos de Galicia e aos usuarios, e de maneira moi puntual, o réxime aplicable a embarcacións, vehículos ou outra clase de obxectos abandonados.

Finalmente, a sección terceira, nun único artigo, prevé a publicidade que como mínimo se debe dar aos regulamentos de explotación que son de obrigado cumprimento.

O capítulo IV, baixo a rúbrica de réxime aplicable ás autorizacións temporais de uso de postos de atracada en base, estrutúrase en catro seccións.

A primeira das seccións define o obxecto do capítulo, que se centra na regulación do procedemento de outorgamento e o réxime aplicable ás autorizacións temporais de uso de postos de atracada en base outorgadas directamente por Portos de Galicia, con independencia de que o porto ou a zona se atope suxeita a outra forma de xestión, e aclarando que, coas especificidades previstas no propio capítulo, será aplicable a estas autorizacións o réxime de utilización, prohibicións, obrigacións e responsabilidades previsto no capítulo III.

A sección segunda regula detalladamente o procedemento de outorgamento a través de convocatorias públicas, detallando o modelo e contido das solicitudes, os criterios obxectivos de adxudicación, a resolución e os recursos procedentes, e o sistema de listas de espera para aquelas solicitudes que, reunindo todos os requisitos, non resulten seleccionadas en función dos criterios de adxudicación e ás que se asignará un número de orde en función do resultado do proceso, ou para aquelas outras solicitudes que se poidan presentar unha vez finalizado o proceso, e ás que tamén se asignará un número de orde atendendo, neste caso, en exclusiva á data de presentación da solicitude.

A sección terceira regula o réxime aplicable a estas autorizacións, considerando o seu carácter intransferible agás nos supostos expresamente recollidos na norma, o prazo de vixencia, a obriga de aboamento de taxas e outras cantidades, e a posibilidade de modificación.

Por último, a sección cuarta regula as causas de extinción.

O capítulo V, dedicado ás normas de sustentabilidade e xestión ambiental, establece para todo porto ou zona portuaria a obriga de dispor dun plan de xestión ambiental, prevé



os sistemas de sustentabilidade no tocante á xestión de recursos e de residuos cos que deberán contar como mínimo os concesionarios das instalacións, e desenvolve nun último artigo o cumprimento da lexislación ambiental exigible aos concesionarios.

O derradeiro capítulo VI, baixo a rúbrica de potestade inspectora, infraccións e sancións, trata da facultade de inspección, e con suxeición ao determinado na lexislación estatal portuaria de aplicación supletoria, e ao previsto no capítulo VIII do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, que aproba o regulamento da entidade pública de Portos de Galicia, establece que o incumprimento das normas do regulamento constituirá infracción administrativa de acordo coa tipificación recollida na citada lexislación estatal.

Por último, a disposición adicional única regula a protección de datos, as catro disposicións transitorias recollen o réxime aplicable ás concesións, autorizacións temporais e listas de espera vixentes á entrada en vigor do decreto e á reversión das concesións, e as tres disposicións derradeiras tratan respectivamente da xestión electrónica dos procedementos, do desenvolvemento normativo e da entrada en vigor.

En consecuencia, por proposta da persoa titular da Consellería do Medio Rural e do Mar, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día un de agosto de dous mil trece,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. O presente decreto regula a explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo de competencia de Comunidade Autónoma de Galicia destinadas á prestación de servizos ás embarcacións deportivas e de lecer.

2. As normas de sustentabilidade e de xestión ambiental e o réxime de inspección, infracción e de sancións e medidas complementarias recollidas neste decreto serán de aplicación á explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia calquera que sexa o seu réxime de xestión.



3. O ámbito de aplicación deste decreto esténdese ás instalación descritas no punto anterior tanto en réxime de concesión administrativa, como en réxime de autorización temporal de uso de postos de atracada outorgadas por Portos de Galicia.

Artigo 2. *Conceptos*

Para os efectos do presente regulamento enténdese por:

1. Porto deportivo: conxunto de augas abrigadas, natural ou artificialmente, os espazos terrestres contiguos a estas e as obras, infraestruturas e instalacións necesarias para desenvolver operacións propias da frota deportiva.

2. Zona portuaria de uso náutico-deportivo: parte dun recinto portuario preexistente, que se destina á prestación de servizos ás embarcacións deportivas e de lecer.

3. Autorizacións temporais de uso de postos de atracada: os títulos que habilitan para o uso e disfrute, durante un prazo mínimo de seis meses e non superior a tres anos, dun posto de atracada destinado a embarcacións deportivas e de lecer.

4. Mariña seca: espazo terrestre situado dentro dun recinto portuario e destinado ao depósito en terra de embarcacións e a ofrecer entre outros servizos de almacenamento, reparación, gardería e posta a disposición de medios mecánicos de izada e baixada de embarcacións.

5. Embarcacións deportivas e de lecer: son aquelas embarcacións de construción nacional ou debidamente importadas, de calquera tipo, e que se atopen debidamente rexistradas na lista sexta ou sétima conforme o disposto na normativa de aplicación, na actualidade o Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo, ou clasificadas na categoría equivalente cando se trate de embarcacións doutros países, modificado polo Real decreto 1435/2010, do 5 de novembro.

6. Embarcacións deportivas ou de lecer con base no porto: son aquelas embarcacións que teñen autorizado a prestación do servizo de atracada ou ancoraxe por un período dun ou máis semestres.

7. Embarcacións deportivas ou de lecer de paso no porto: son aquelas embarcacións que reciban a prestación do servizo de atracada ou ancoraxe por un período inferior a un semestre.



Artigo 3. Cualificación xurídica dos portos deportivos e das zonas ou instalacións portuarias de uso náutico-deportivo

Para os efectos do presente regulamento os portos deportivos e as zonas portuarias de uso náutico-deportivo constitúen bens de dominio público competencia da Comunidade Autónoma de Galicia que se destinan á prestación de servizos ás embarcacións deportivas e de lecer.

Artigo 4. Parámetros de protección e obxectivos de xestión

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da entidade pública Portos de Galicia, determinará mediante os instrumentos de ordenación portuaria os parámetros de protección e obxectivos de xestión que deberán incorporar as iniciativas de actuación sobre os portos deportivos e as zonas portuarias de uso náutico-deportivo, co obxecto de asegurar, como mínimo:

- a) A xestión sustentable dos recursos.
- b) A conservación do litoral.
- c) A integración e harmonización das obras e instalacións coa paisaxe.
- d) A compatibilidade cos sistemas xerais e demais determinacións urbanísticas.

2. Darase prioridade aos proxectos que respondan a unha demanda real de servizos, atendendo á implantación preferente sobre os seguintes espazos:

- a) Zonas portuarias de uso náutico-deportivo en portos existentes.
- b) Portos deportivos con abrigo natural.
- c) Portos deportivos con abrigo artificial.

Artigo 5. Condicións básicas dos portos e das zonas ou instalacións portuarias de uso náutico-deportivo

1. Para a determinación das condicións básicas que deberán cumprir os portos deportivos e as zonas portuarias de uso náutico-deportivo, teranse en conta as seguintes prescricións:

- a) Os accesos por terra cumprirán as normas de utilización e seguridade que están establecidas polo ministerio e a consellería con competencias na materia e que correspondan á importancia e seguridade do tráfico previsto.



b) A entrada e saída por terra tanto para persoas como para vehículos, farase, a ser posible, por un só punto e terá capacidade que abonde para o tránsito previsible en días e horas puntas. Poderá haber outra entrada ou saída, normalmente pechada, para as grandes cargas indivisibles tales como barcos procedentes de estaleiros ou similares.

c) En instalacións de nova construción será posible o acceso por rampla a todos os postos de atracada sen necesidade de utilizar escaleiras, sen prexuízo de que se cumpran as normas de accesibilidade que resulten de aplicación.

d) De existir pasos estreitos puntuais en pasarelas de pantaláns, estes non poderán ter unha anchura inferior a 1,20 metros e deberán cumprirse, igualmente, en todo caso, as normas de accesibilidade que resulten de aplicación.

e) Reserva de prazas de atracada para embarcacións de paso no porto nunha porcentaxe mínima do 10 por cento da superficie total atribuída a prazas de atracada, sen prexuízo de que Portos de Galicia incrementa esa porcentaxe en función das características do porto e da súa localización; Portos de Galicia poderá acordar que unha desas prazas, con dimensións axeitadas, quede reservada para atracada de embarcacións afectas ao servizo oficial de inspección pesqueira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) As instalacións deberán contar con axeitados sistemas de iluminación que proporcionen unha intensidade de iluminación media mínima conforme as exixencias da normativa aplicable en función das distintas zonas de operatividade dentro da instalación portuaria.

g) Os portos deportivos deberán dispor dun servizo de vestiarios, e como mínimo, dunha ducha por cada 40 prazas de atracada, un urinario por cada 70 prazas de atracada, e un inodoro por cada 35 prazas de atracada.

h) Os portos deportivos deberán dispor dunha zona para aparcamento de vehículos nun número equivalente, como mínimo, ao 25 por 100 das prazas de atracada. Reservanse con carácter permanente e tan próximos como sexa posible a accesos peonís e en áreas sen pendentes, prazas debidamente sinalizadas para vehículos acreditados que transporten persoas en situación de mobilidade reducida na porcentaxe mínima que exixa a normativa aplicable en materia de accesibilidade.



i) Contarán con extintores nos pantaláns de acordo co previsto na normativa sectorial de aplicación.

j) Medios de recollida de residuos sólidos urbanos, de refugallos xerados polas embarcacións e de almacenamento e xestión de residuos perigosos de acordo co previsto na normativa de aplicación.

k) Unha estación de radio con escoita permanente no canal 16 mariño.

l) Servizos de recollida de correo, apartado ou lista para recepción de correspondencia con destino a embarcacións con base no porto.

2. Á parte das anteriores condicións básicas, os portos deportivos poderán contar, entre outros, cos seguintes servizos:

a) Os portos deportivos poderán contar con talleres de reparación e almacéns para utensilios ou gardería de embarcacións cunha capacidade xustificada en función das dimensións do porto.

b) Os portos deportivos poderán contar con medios mecánicos de izada e baixada de embarcacións cunha capacidade axustada ás dimensións da frota que opere no porto.

c) Co alcance previsto no título concesional e no regulamento de explotación, os portos deportivos poderán contar con servizo de vixilancia.

Artigo 6. *Usos compartidos*

A entidade pública Portos de Galicia poderá, coas compensacións que en cada caso se determinen nos correspondentes títulos concesionais ou ben conforme o réxime de responsabilidade patrimonial xeral das administracións públicas, e de maneira excepcional, tales como infrautilización dos postos de atracada, embarcacións en arribada forzosa, utilización temporal por reordenación de atracadas nos portos, establecer en portos deportivos e zonas ou instalacións portuarias de uso náutico-deportivo a habilitación de liñas de atracada e zona de servizo para uso pesqueiro, dentro dunha ordenación que separe debidamente o tráfico.



CAPÍTULO II

Concesións

Artigo 7. *Obxecto*

1. A consellería competente en materia de portos poderá outorgar a persoas naturais ou xurídicas, tanto públicas como privadas, a oportuna concesión de dominio público para a construción e/ou explotación de portos deportivos ou de zonas portuarias de uso náutico-deportivo, por un prazo non superior a trinta e cinco anos.

2. Está suxeita á concesión, a ocupación do dominio público portuario para os fins previstos neste decreto con obras ou instalacións non desmontables ou usos por un prazo superior a catro anos.

Artigo 8. *Procedemento de outorgamento*

As concesións reguladas neste decreto outorgaranse por concurso, agás naqueles supostos en que a lexislación sectorial, estatal ou autonómica, aplicable admita a aplicación do procedemento de outorgamento directo pola Administración a un solicitante.

Artigo 9. *Criterios de outorgamento*

O outorgamento ou a denegación das concesións levaranse a cabo de conformidade con criterios obxectivos que en calquera caso deberán considerar:

1. A viabilidade económica.
2. Condicións de acceso marítimo.
3. O interese público e social da proposta.
4. Compatibilidade cos sistemas internos de comunicación viaria do porto e cos sistemas xerais extraportuarios.
5. Superficie de auga abrigada, se é o caso.
6. Usos previstos.
7. Superficie e ordenación dos usos.



8. Volumes, alturas e tipoloxía da edificación.

9. Compromiso de realización de actividades de carácter formativo e de fomento do turismo e da náutica deportiva sen fins lucrativos.

Artigo 10. *Condicións do outorgamento*

Entre as condicións de outorgamento da concesión deberán figurar, cando menos, as seguintes:

1. Obxecto da concesión.

2. Prazo de vixencia, ata un máximo de trinta e cinco anos.

3. Terreos, obras e instalacións que integran o ámbito da concesión, con indicación dos que serán obxecto de reversión no caso de que a Administración opte polo mantemento da concesión construída, conforme o determinado para tal efecto polas leis.

4. No caso de concesións que impliquen a execución de obras, proxecto básico das obras ou instalacións autorizadas, coas prescricións técnicas que se fixen, e con inclusión, no caso de ocupación de espazos de auga, do balizamento que deba establecerse.

5. No caso de concesións que impliquen a execución de obras, obrigação do titular da concesión de reparar os danos que poidan causarse en costa ou praias conforme o disposto na normativa sectorial aplicable en materia de costas.

6. Servizos de existencia obrigatoria e opcional e usos e limitacións destes.

7. Obrigaçón do titular da concesión de presentar o regulamento de explotación co contido mínimo que se define no capítulo III.

8. Condicións de protección do ambiente que procedan, con inclusión das necesarias medidas correctoras e, no caso de que for preceptiva, das condicións ou prescricións establecidas na correspondente resolución do órgano competente en materia ambiental.

9. Obrigaçón do titular da concesión de presentar un plan de conservación das instalacións.



10. Obrigación do titular da concesión de presentar un plan de emerxencias de acordo co disposto na normativa sectorial de aplicación.

11. Obrigación por parte do titular da concesión de manter a apertura de todos os elementos de aproveitamento e uso público e gratuito que se definen no regulamento de explotación.

12. Taxas que o titular da concesión debe aboar á entidade pública Portos de Galicia.

13. Estrutura tarifaria, tarifas máximas que o titular da concesión poderá cobrar en contraprestación aos servizos prestados, e criterios de revisión, se procede.

14. Condicións de ocupación do dominio público portuario e condicións relativas á actividade ou á prestación de servizo.

15. Entre as facultades da letra anterior, a Administración concedente poderá encomendar ao concesionario a realización de actos de trámite non cualificados do procedemento de outorgamento por aquela das autorizacións temporais de postos de atracada baixo o réxime previsto no capítulo IV. O alcance concreto desta encomenda especificarase no título concesional sen que en ningún caso implique a transferencia de competencias ou potestades públicas.

16. Facultades de vixilancia que se atribúan ao concesionario.

17. Causas de caducidade conforme o previsto na lexislación estatal vixente en materia de portos, de aplicación supletoria.

18. Outras condicións que a Administración concedente considere necesarias.

Artigo 11. *Concursos*

1. Cando, en aplicación do establecido no artigo 8, a concesión deba outorgarse por medio de concurso, Portos de Galicia elaborará o prego de bases do concurso e o prego de condicións que regularán o desenvolvemento da concesión.

2. O prego de bases do concurso conterá cando menos os seguintes extremos:

a) Obxecto e requisitos para participar no concurso.



b) Criterios para a súa adxudicación e ponderación destes. Entre os criterios de adxudicación figurarán como mínimo os seguintes:

i. A proposta de xestión ambiental da instalación.

ii. Proxectos de responsabilidade social corporativa.

iii. Compromiso de realización de actividades de carácter formativo e de fomento do turismo e da náutica deportiva así como da imaxe de Galicia sen fins lucrativos.

iv. Estrutura tarifaria e tarifas máximas aplicables aos usuarios.

c) Garantía provisional.

Artigo 12. *Causas de extinción*

As concesións de dominio público para a construción e/ou explotación de portos deportivos ou de zonas portuarias de uso náutico-deportivo extinguiranse polas causas previstas na lexislación estatal vixente en materia de portos, de aplicación supletoria.

CAPÍTULO III Regulamentos de explotación dos portos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo en réxime de concesión

Sección 1ª. Obxecto e contido

Artigo 13. *Obxecto dos regulamentos*

1. Co fin de definir e concretar o ámbito de aplicación das normas de policía e explotación e o alcance da vixilancia e prevención de calquera infracción, os portos deportivos e as zonas portuarias de uso náutico-deportivo xestionadas en réxime de concesión de dominio público, deberán dispoñer dun regulamento de explotación que será aprobado por Portos de Galicia, e que deberá regular o uso dos diferentes elementos que integran os terreos, obras e instalacións obxecto da concesión.

2. A normativa contida nos regulamentos de explotación debe respectar as prescricións contidas no presente regulamento e na restante normativa sectorial que resulte de aplicación.



Artigo 14. *Contido mínimo dos regulamentos*

Os regulamentos de explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo deberán incluír como mínimo:

1. A delimitación clara e exacta da totalidade da zona de servizo do porto e a identificación da totalidade da zona que é obxecto de concesión administrativa.

2. A regulación dos accesos, as vías, paseos marítimos e demais elementos de aproveitamento e uso público e gratuito para os viandantes e o establecemento, se é o caso e de maneira xustificada, das limitacións ao acceso que a entidade concesionaria estime prudentes por razóns de seguridade.

3. A identificación, se é o caso, das zonas de uso ou acceso restrinxido.

4. A concreción do ámbito de aplicación, que deben incluír necesariamente as persoas, embarcacións, vehículos e maquinaria que se atopen dentro das instalacións do porto, xa sexa con carácter habitual ou circunstancial, e as que utilicen por calquera motivo as vías, aparcamentos, servizos de terra ou calquera outra instalación.

5. A forma de utilización das instalacións portuarias, establecendo as condicións xerais de uso e de prestación dos diferentes servizos que garanticen, en todo caso, un servizo suficiente aos usuarios, as limitacións e restricións necesarias para a boa orde e conservación do servizo, así como para garantir a seguridade dos usuarios, das embarcacións e dos demais bens, respectando as previsións contidas no artigo 15.

6. Un resumo do plan de emerxencias e do de continxencias ambientais da instalación de acordo co que dispón a normativa sectorial de aplicación.

7. Condicións de conexión das acometidas eléctricas e de auga.

8. Obrigación de notificar a todos os usuarios e de expoñer permanentemente no taboleiro de anuncios do porto o detalle das tarifas establecidas pola prestación de servizos vixentes en cada momento, así como os criterios de revisión.

9. Os parámetros que se seguirán na sinalización do porto, engadida a publicidade de establecementos comerciais, que en calquera caso deberá homoxeneizarse segundo os criterios establecidos de maneira expresa por Portos de Galicia.



10. Os parámetros que se seguirán na fixación dos elementos que configuran o mobiliario urbano na zona de servizo do porto, seguindo os parámetros que, se é o caso, fixe Portos de Galicia ou outras administracións con competencias en materia urbanística.

11. As condicións e requisitos con que os titulares dun dereito de uso sobre calquera elemento portuario poden, se é o caso, cedelo o ou transferilo.

12. A responsabilidade que o concesionario asuma, no referente aos danos, furtos ou roubos que puideran producirse no interior das instalacións, así como a obrigaón do usuario, se é o caso, de dotarse de seguros con cobertura que abonde para responder de eventuais roubos ou desperfectos en/ou da propia embarcación, así como nos locais, silos ou outros elementos e instalacións portuarias ou, en caso contrario, de renunciar de maneira expresa a calquera posible reclamación por estes conceptos.

13. Dereitos e deberes que adquiren os usuarios dos espazos incluídos na zona de servizo do porto.

14. Calesquera outras condicións que Portos de Galicia, atendendo ás particularidades da instalación e de maneira motivada, estime oportuno establecer sempre que non contradigan o estipulado neste decreto e nos regulamentos de explotación de cada porto ou instalación.

Sección 2ª. Réxime de utilización, prohibicións e obrigaóns

Artigo 15. Réxime de utilización e prohibicións

1. Os regulamentos de explotación dos portos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo deben prever o réxime de utilización e prohibicións aplicable, así como as facultades conferidas á entidade concesionaria, respectando en calquera caso as seguintes previsións:

a) Velocidade máxima de circulación polas augas do porto que en ningún caso pode ser superior a tres nós.

b) Delimitación das zonas onde queda prohibido acender lume, fumar ou empregar calquera lámpada ou dispositivo con chama. Estas operacións estarán en calquera caso prohibidas durante as operacións de subministración de combustible.



c) Prohibición de ter a bordo das embarcacións materiais inflamables, explosivos ou perigosos, agás os foguetes e bengalas dos sinais regulamentarios, as reservas de combustible, e as bombonas de gas imprescindibles para a subministración das instalacións e o funcionamento da embarcación.

d) Normas de aplicación para a realización de traballos ou actividades nas embarcacións a flote ou en seco que poidan resultar perigosos ou molestos para os outros usuarios.

e) Establecemento de horarios de restrición relativos ao mantemento de motores en marcha en embarcacións amarradas a peirao ou pantalán, ou demais ruídos ou actividades que poidan resultar molestas.

f) Prohibición expresa de pescar ou mariscar con calquera arte nas augas dos portos agás en zonas expresamente delimitadas onde Portos de Galicia, de maneira puntual, o permita, atendendo discrecionalmente a criterios de calidade das augas, seguridade da zona habilitada para a pesca e mínima ou nula afectación da normal operatividade dos portos.

g) Descrición doutras actividades expresamente prohibidas nas augas dos portos entre as que se incluírá en calquera caso o baño e a práctica de esquí acuático ou modalidade deportiva similar.

h) Prohibición de realizar obras nas instalacións portuarias sen a autorización previa de Portos de Galicia, agás as obras de conservación que, conforme as condicións do título concesional, constitúen unha obriga para o concesionario.

i) Prohibición expresa, de conformidade co disposto na normativa sectorial de aplicación, de verter calquera clase de residuos ao mar debendo adoptarse as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria como nos seus arredores.

j) Prohibición expresa de utilizar áncoras ou boias nas dársenas, canais ou accesos ao porto agás en casos de emerxencia, sen a autorización de Portos de Galicia ou, se é o caso, permiso do concesionario dentro do ámbito estrito da concesión e co requisito da posta en coñecemento de Portos de Galicia, e sen prexuízo das competencias que poidan ter outras administracións e, en particular, Mariña Mercante.

k) Delimitación, conforme a normativa sectorial que resulte de aplicación, das zonas destinadas a depositar entullos ou materias de calquera índole e residuos sólidos ou líquidos, con expresa prohibición de depósito en calquera outra zona non habilitada expresamente.



l) Delimitación das zonas destinadas a depósito de utensilios e materiais das embarcacións, con prohibición expresa de depósito en calquera outra zona non habilitada expresamente.

m) Delimitación das zonas destinadas a circulación e aparcamento.

n) Condicións de entrada, permanencia e circulación de animais domésticos ou, se é o caso, prohibición ao respecto, respectando en calquera caso a normativa sectorial que resulte aplicable.

o) Normas de utilización das diferentes áreas e servizos do porto e, se é o caso, franxas horarias de utilización destas.

2. As reclamacións ou queixas concernentes en xeral á explotación e bo funcionamento do porto, remitiranse preferentemente, e sempre que o porto ou instalación se xestione en réxime de concesión, á Dirección do Porto, sen prexuízo da posibilidade de elevar as queixas directamente a Portos de Galicia.

Artigo 16. *Obrigacións dos usuarios*

1. Os regulamentos de explotación dos portos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo, deben regular as obrigacións dos usuarios das instalacións, con independencia de que se trate de usuarios contratantes de postos de atracada e/ou de servizos co concesionario ou de visitantes circunstanciais. En calquera caso serán de aplicación as seguintes obrigacións:

a) Cumprir as prescricións da lexislación sectorial que resulte de aplicación, así como as condicións establecidas no contrato asinado co concesionario e na concesión, respectando en todo caso a axeitada utilización do dominio público portuario e das súas obras e instalacións.

b) Cumprir e respectar o réxime de utilización previsto no presente regulamento e no regulamento de explotación de cada porto.

c) Obedecer, en todo caso, as indicacións dadas no exercicio das súas funcións e conformes coa normativa de aplicación, polo persoal de Portos de Galicia e do concesionario.



2. Os usuarios titulares dun dereito de uso preferente de atracada en virtude de contratos de cesión asinados co concesionario, veñen ademais obrigados a:

a) Responder solidariamente co titular da embarcación ou o seu representante autorizado, das avarías causadas e reparacións que precisen realizarse, así como das indemnizacións polos danos e prexuízos causados.

b) Responder conforme a lexislación tributaria co titular da embarcación ou o seu representante autorizado, do pagamento das taxas tributarias derivadas da ocupación e utilización do dominio público e dos servizos portuarios que se lle presten ou utilicen.

c) Responder contratualmente xunto co titular da embarcación ou o seu representante autorizado, do pagamento dos prezos derivados dos servizos portuarios que se lles presten ou utilicen.

d) Dotarse dos seguros de responsabilidade civil e de todos os seguros da embarcación que sexan exixibles pola lexislación sectorial vixente de aplicación.

e) Dotar as embarcacións das axeitadas defensas e elementos de amarre, garantindo a seguridade e preservando a hixiene de acordo co previsto no regulamento de cada porto.

f) Cumprir en cada momento as normas portuarias e de seguridade marítima aprobadas pola autoridade en cada caso competente, realizando para tal efecto e nos prazos fixados, as actuacións necesarias co fin de adaptarse ás normas correspondentes.

3. Os usuarios titulares dun dereito de uso preferente distinto do de atracada en virtude de contratos asinados co concesionario, que teñan por obxecto prestar servizos portuarios ou desenvolver actividades comerciais ou industriais no ámbito da concesión, veñen tamén obrigados a:

a) Desenvolver as súas funcións e actividades de acordo coas prescricións contidas no contrato asinado co concesionario, absténdose de usos e actividades distintos dos permitidos.

b) Aboar as taxas tributarias, prezos, exaccións reguladoras e os prezos privados e tarifas que procedan.

c) Cumprir a normativa aprobada pola autoridade competente en relación con horarios de apertura e peche dos locais e coa prevención da contaminación acústica e lumínica,



así como a correspondente a garantir a orde pública e a seguridade nos respectivos locais.

d) Facilitar o acceso e a inspección por parte do persoal de Portos de Galicia ás zonas ocupadas, así como achegar a documentación necesaria que sexa requirida tanto para efectos tributarios, como para os efectos de controlar a posesión dos permisos e licenzas de todo tipo precisos para prestar o servizo ou desenvolver a actividade comercial ou industrial autorizada, así como o cumprimento da normativa sobre seguridade e hixiene no traballo.

O concesionario poderá realizar labores de inspección-vixilancia, auxiliando a Portos de Galicia, sempre que tales labores non impliquen o exercicio de autoridade ou de potestades administrativas.

e) Dotarse dos seguros de responsabilidade civil, seguro de incendios, seguro contra roubos, e aqueloutros a que veñan obrigados pola lexislación sectorial vixente de aplicación.

Artigo 17. Suspensión de servizos e extinción dos dereitos de uso de postos de atracada

1. O incumprimento das obrigacións sinaladas no artigo 16 polos usuarios do porto, así como a falta de aboamento das taxas tributarias debidas a Portos de Galicia, dará lugar a un requirimento por escrito por parte de Portos de Galicia ou do concesionario previamente autorizado, co fin de que o usuario rectifique a conduta no prazo que para tal efecto se lle indique, se poña ao corrente do pagamento ou garantice suficientemente a débeda, advertíndolle expresamente que, en caso contrario, se procederá á inmediata suspensión temporal de todos os servizos contratados.

2. No caso de non pagamento dos prezos ou das tarifas debidas á entidade concesionaria, Portos de Galicia poderá autorizar a esta para que proceda á suspensión temporal do servizo ata que se efectúe o pagamento ou se garantice suficientemente a débeda que xerou a suspensión.

3. En caso de suspensión dun dereito de uso preferente de atracada ou dos servizos prestados a esta atracada, e logo de autorización de Portos de Galicia, en virtude de contratos de cesión asinados co concesionario, este notificará de xeito fidedigno ao usuario da atracada que debe retirar a embarcación, indicándolle que, de non facelo no prazo sinalado, o poderá facer o concesionario supletoriamente e ao seu cargo.



Se o requirimento non é atendido no prazo fixado, que non poderá ser inferior a dez días hábiles, Portos de Galicia, a través do concesionario, queda facultado para proceder á súa inmovilización de forma temporal no seu propio punto de atracada se as circunstancias o aconsellan, ou á retirada da embarcación da atracada para o seu depósito en seco. Os gastos derivados da retirada ou inmovilización da embarcación correrán por conta do titular do dereito de uso.

4. A inmovilización e retención das embarcacións no seu posto de atracada ou en seco, que será comunicada ás capitanías marítimas para os efectos de prohibir a saída da embarcación do porto, poderá manterse ata que se efectúe o pagamento ou se garanta suficientemente a débeda que xerou a suspensión, sen que nin Portos de Galicia nin a entidade concesionaria se fagan responsables dos desperfectos ou substracións ocasionados con motivo da inmovilización ou retención, que para estes efectos deberán ser cubertos polo propietario da embarcación.

5. O dereito de uso de posto de atracada, en virtude de contratos asinados co concesionario, extinguirase automaticamente de pleno dereito se o importe da débeda xerada e non satisfeita por taxas debidas a Portos de Galicia se corresponde con dous ou máis semestres.

6. O dereito de uso de posto de atracada en virtude de contratos asinados co concesionario, extinguirase de maneira definitiva se o importe da débeda xerada e non satisfeita por prezos e tarifas debidas ao concesionario se corresponde con dous ou máis semestres, se así se fai constar contratualmente entre as partes.

7. Sen prexuízo do establecido nos puntos deste artigo, a falta de aboamento das taxas debidas a Portos de Galicia pola utilización ou recepción de servizos portuarios, e o incumprimento das regras de aplicación previstas para cada taxa, dará lugar á aplicación das medidas correctoras, coercitivas e executivas previstas na normativa de aplicación, na actualidade a Lei 6/2003, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 18. *Denegación de entrada e prestación de servizos*

1. As entidades concesionarias dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo, quedan facultadas logo de autorización de Portos de Galicia, a denegar a entrada e a prestación dos servizos portuarios nos seguintes supostos:

a) No caso daqueles usuarios que deban cantidades en concepto de tarifas por servi-



zos prestados en calquera porto deportivo ou zona portuaria de uso náutico-deportivo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia xestionada por medio de concesión administrativa.

b) Por falta de solicitude formalizada de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente e no regulamento de explotación do porto.

c) Por incumprimento das condicións de seguridade regulamentarias da embarcación que solicite a entrada ou a prestación dos servizos correspondentes, cando poida poñer en perigo a seguridade da instalación, dos usuarios desta, ou doutras embarcacións.

d) No caso de que o usuario non conte co preceptivo seguro de responsabilidade civil que se precisa para responder dos danos e prexuízos que poida ocasionar a outras embarcacións ou ás instalacións do porto. Para tal efecto, a entidade concesionaria queda facultada a exixir que se acredite a cobertura e vixencia do dito seguro.

2. No caso de embarcacións abandeadas en países onde non se exixa o seguro obrigatorio, poderase solicitar o depósito dunha cantidade que abonde para responder dos danos e prexuízos, así como das taxas e tarifas que poidan xerarse durante a estadía no porto.

A dita cantidade, que poderá ser substituída por un aval ou fianza, será como mínimo de mil euros para embarcacións de menos de 12 metros, de tres mil euros para embarcacións de entre doce e dezaioito metros, e de seis mil euros para embarcacións de máis de 18 metros.

3. Non obstante o disposto nos anteriores puntos, será obrigatorio prestar os servizos correspondentes cando a embarcación se atope en situación de perigo para a navegación ou a seguridade da vida humana, ou nos casos de emerxencia e forza maior.

Artigo 19. *Réxime de responsabilidades*

1. Será obriga do concesionario indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia da prestación por este dos servizos obxecto da concesión. Cando tales danos e perdas fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, esta será responsable dentro dos límites sinalados nas leis.



2. Portos de Galicia non será responsable dos danos e perdas debidos a paralizacións dos servizos, nin dos producidos por avarías, roturas fortuítas ou malas manobras.

Naqueles casos de prestación de servizos con equipamentos de Portos de Galicia, o usuario destes deberá ter subscrita a correspondente póliza de seguros que cubra os posibles riscos. En calquera caso, suponse que os usuarios son coñecedores das condicións de prestación dos servizos e das características técnicas dos equipamentos e elementos que utilizan, e por iso serán responsables das lesións, danos e avarías que ocasionen a Portos de Galicia ou a terceiros, a consecuencia da súa intervención na utilización do servizo correspondente.

3. Será por conta e risco dos seus propietarios a permanencia das embarcacións, vehículos e toda clase de obxectos dentro dos recintos portuarios, polo que a entidade concesionaria ou Portos de Galicia non responderá das lesións nin dos danos ou perdas que poidan sufrir as persoas, as embarcacións, os vehículos, as mercadorías e demais elementos que se atopen dentro dos límites da concesión, agás que os danos teñan a súa causa en accións ou omisións negligentes ou faltas de dilixencia por parte da entidade concesionaria no cumprimento das obrigas que lle incumben como tal.

4. Os visitantes serán admitidos ao porto baixo a súa propia responsabilidade e responderán por danos a persoas e bens conforme o determinado polas leis.

Artigo 20. *Embarcacións, vehículos e obxectos abandonados*

Corresponde a Portos de Galicia a incoación e a tramitación, de acordo co previsto na normativa sectorial de aplicación, dos expedientes de declaración de abandono dos vehículos, obxectos e embarcacións que foran abandonados nas súas instalacións, ben por iniciativa propia ou por proposta das entidades concesionarias dos portos deportivos.

Sección 3ª. Publicidade dos regulamentos

Artigo 21. *Publicidade dos regulamentos de explotación*

O regulamento de explotación de cada porto ou zona portuaria de uso náutico-deportivo, que é de obrigado cumprimento, debe atoparse á disposición de calquera usuario nas oficinas do porto e, se é o caso, no sitio web do concesionario.

Así mesmo, os concesionarios deberán facilitar de maneira expresa a todos os usuarios que o soliciten unha copia para o seu coñecemento.



CAPÍTULO IV
**Réxime aplicable ás autorizacións temporais de uso
de postos de atracada outorgadas por Portos de Galicia**

Sección 1ª. Obxecto

Artigo 22. *Obxecto*

O obxecto deste capítulo é a regulación do procedemento de outorgamento e do réxime aplicable ás autorizacións temporais de uso de postos de atracada con base nos portos deportivos e zonas portuarias de uso náutico-deportivo de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que o seu outorgamento sexa acordado pola entidade pública Portos de Galicia, con independencia de que o porto ou a zona portuaria se atope suxeita a outra forma de xestión, e sen prexuízo das facultades de xestión que, co alcance definido nos títulos concesionais, se poidan encomendar ao concesionario das instalacións.

Sección 2ª. Procedemento de outorgamento e listas de espera

Artigo 23. *Publicidade do proceso selectivo*

1. En función dos postos vacantes, Portos de Galicia efectuará por Resolución da Presidencia convocatorias que serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia*, co obxecto de abrir prazos de presentación de solicitudes de autorizacións temporais de uso de postos de atracada en base.

2. O prego de bases da convocatoria conterá cando menos os seguintes extremos:

- a) Identificación do postos de atracada obxecto da convocatoria e requisitos para participar nesta.
- b) Criterios para a súa adxudicación e ponderación destes.

Artigo 24. *Solicitud e documentación preceptiva*

1. No prazo que se estableza na convocatoria correspondente, que non poderá ser inferior a 15 días hábiles, o interesado deberá presentar a súa solicitude debidamente cuberta segundo o modelo normalizado que se facilitará nos lugares que se determinan no artigo 25.



2. A solicitude acompañarase, necesariamente, de orixinal ou fotocopia compulsada da seguinte documentación:

a) Tratándose de persoas físicas, documento nacional de identidade ou pasaporte ou número de identificación de estranxeiros, segundo os casos, do solicitante, agás que o interesado autorice a consulta dos seus datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, conforme o disposto no artigo 2.2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

b) Se existisen varios titulares presentará a solicitude aquel que teña unha maior porcentaxe de participación na titularidade da embarcación e, en situación de igualdade, haberá que aterse ás normas reitoras da comunidade.

c) Tratándose de persoas xurídicas, escritura ou documento de constitución, estatutos ou acta fundacional debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro pertinente, así como poder de representación outorgado a favor do solicitante debidamente verificada a súa suficiencia, e inscrito, se é o caso, no rexistro pertinente, agás que a representación se desprenda dos documentos anteriormente citados.

d) No caso de solicitantes doutros países, designación, para todos os efectos que dimanen da autorización, dun representante con domicilio en territorio nacional.

e) Declaración xurada ou promesa relativa a se o solicitante, ou os membros, tratándose dunha persoa xurídica, dispoñen ou non dunha autorización de posto de atracada para a mesma embarcación en calquera dos outros portos e instalacións titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia e, se é o caso, declaración xurada ou promesa do compromiso de renuncia expresa á dita autorización agás que no porto ou instalación de que se trate non exista lista de espera.

f) Permiso ou licenza de navegación da embarcación.

g) Folla de asento do rexistro da capitanía marítima correspondente.

h) No suposto de que as dimensións reais da embarcación non coincidan coas recollidas na documentación antes citada, o solicitante deberá achegar declaración que recolla as dimensións reais máximas da súa embarcación, entendendo como tales as medidas entre os puntos máis distantes desta.



i) Contrato de seguro da embarcación coas coberturas establecidas pola normativa que regula o seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria para embarcacións de recreo ou deportivas, que na actualidade vén constituída polo Real decreto 607/1999, do 16 de abril, polo que se aproba o regulamento do seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria para embarcacións de recreo ou deportivas, ás que se engadirá a cobertura de remoción de restos da embarcación. Esta documentación deberá ser acompañada polo último recibo da póliza asegurada.

j) No caso dunha embarcación en construción presentárase certificado do estaleiro que recolla as características da embarcación e a data prevista de entrega.

k) Se o solicitante ten a condición de xubilado no réxime especial de traballadores do mar, certificado acreditativo de tal condición expedido polo organismo oficial correspondente.

3. Para os efectos dunha axeitada tramitación das solicitudes, os solicitantes deberán comunicar á Dirección de Portos de Galicia calquera cambio de domicilio e, se é o caso, do número de teléfono sinalado na solicitude de autorización. En todo caso, o domicilio, para os efectos de notificación, deberá corresponder a unha poboación situada no territorio do Estado.

Artigo 25. *Modelo de solicitude*

1. Os interesados deberán formular as súas solicitudes no modelo normalizado que figure nas bases da convocatoria e que se facilitará nas dependencias dos servizos centrais de Portos de Galicia ou nas dependencias das zonas Norte, Centro e Sur do ente público, e tamén poderá obterse a través da Guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.es> ou no enderezo electrónico de Portos de Galicia.

2. Un mesmo solicitante poderá presentar solicitudes para tantos portos ou zonas portuarias de uso náutico-deportivo de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia como considere oportuno, sen prexuízo do disposto no punto 5 do artigo 29 para os casos nos que o solicitante xa dispoña dunha autorización para a mesma embarcación noutro porto ou zona portuaria de uso náutico-deportivo.

3. Para cada un dos portos ou instalacións, cada solicitante poderá presentar unha solicitude por embarcación.



Artigo 26. Lugar de presentación

1. As solicitudes irán dirixidas ao presidente de Portos de Galicia e poderán presentarse no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia. Tamén poderán presentarse no rexistro auxiliar do ente público Portos de Galicia, sito en Área Central, praza de Europa, 5-A, 6º, 15707 Santiago de Compostela, e nas correspondentes zonas Norte (Lugo), Centro (A Coruña) e Sur (Pontevedra) de Portos de Galicia, ou en calquera dos rexistros ou lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes tamén se poderán presentar electrónicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.es> ou da sede electrónica de Portos de Galicia.

Artigo 27. Emenda da solicitude

A Dirección de Portos de Galicia examinará a solicitude e, se non reúne os requisitos ou non vai acompañada dos documentos exixidos no artigo 24, requirirá ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixer se lle terá por desistido da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 28. Criterios de adxudicación

1. A adxudicación das autorizacións temporais de uso de postos de atracada en base efectuarase tendo en conta as características concretas da embarcación relativas a eslora, manga e calado con relación aos postos de atracada ofertados en cada un dos portos e instalacións, dando preferencia ás embarcacións de maior eslora que mellor se axusten ás dimensións do posto de atracada, sempre e cando a manga se adapte á categoría da praza correspondente, e permita a súa correcta colocación e manobrabilidade nas operacións de atracada.

2. Para estes efectos, as xefaturas de Zona ou o órgano que se defina na convocatoria correspondente aos portos ou zonas para as que se realizou a convocatoria, clasificarán as solicitudes por esloras, mangas e calados en relación coas dimensións dos postos de



atracada ofertados, elevando a dita clasificación ao director de Portos de Galicia para poñer a asignación das prazas vacantes e configurar a lista de espera.

3. En caso de empate terase en conta a orde cronolóxica de presentación da solicitude debidamente cuberta e coa documentación completa.

4. Previamente á resolución, darase trámite de audiencia e acto seguido formularase proposta de resolución.

Artigo 29. *Resolución*

1. O presidente de Portos de Galicia emitirá resolución motivada fundamentada nos criterios de adxudicación establecidos no artigo anterior.

2. A dita resolución acordará, segundo o caso, o seguinte:

a) Conceder a autorización solicitada determinando a taxa a pagar de conformidade co disposto na normativa sobre taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e as restantes condicións básicas aplicables á autorización.

b) Denegar a dita autorización se o solicitante non reúne os requisitos exixidos.

c) Declarar a inclusión da solicitude na correspondente lista de espera asignando un número de orde naqueles supostos nos que, pese a reunir a solicitude todos os requisitos para o outorgamento da autorización, non resulte seleccionada en función de criterios de adxudicación recollidos no artigo 28, procedéndose de conformidade co establecido no artigo seguinte.

d) En ningún caso poderá outorgarse autorización para un posto de atracada a favor daqueles solicitantes que, á data de terminación do prazo de presentación de solicitudes, resultaren non estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con Portos de Galicia ou, se é o caso dos concesionarios das instalacións. Para estes efectos os concesionarios deberán remitir a Portos de Galicia documentación ao respecto que, como mínimo, conterá o nome do armador ou usuario do posto de atracada, o nome da embarcación e os conceptos adebedados.

3. Non se adxudicará unha autorización de uso de posto de atracada para a mesma embarcación ao titular que xa dispoña de autorización de uso dun posto de atracada en calquera dos outros portos e instalacións de titularidade da Comunidade Autónoma de



Galicia, agás no suposto de que o número de postos de atracada ofertados na concreta convocatoria sexa superior ao número de solicitudes e non existe lista de espera no porto ou instalación de que se trate.

4. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do presidente será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase e notificase resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas para os efectos do establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo da obrigaón da Administración de ditar resolución expresa.

Artigo 30. *Listas de espera*

1. Cando, reunindo a solicitude todos os requisitos, non resulte seleccionada en función de criterios de adxudicación recollidos no artigo 28, a solicitude incluírase na lista de espera, asignándose un número de orde segundo a data de rexistro de entrada da petición debidamente cuberta e coa documentación completa, e unha vez que o presidente de Portos de Galicia dite resolución pola que se declara a dita inclusión.

2. Existirá unha lista de espera para cada un dos portos e instalacións titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia nos que o número de solicitudes exceda o de postos de atracada dispoñibles, que poderá ser consultada na páxina web de Portos de Galicia ou, se é o caso, na páxina web do concesionario do porto ou instalación que, en todo caso, contará cun enlace directo a través da páxina web de Portos de Galicia.

3. En calquera momento antes de iniciar os trámites para cubrir a vacante, admitirase a substitución ou cambio de embarcación sen alteración do número de orde sempre que se trate dunha embarcación das mesmas características. Noutro caso a nova embarcación que, en todo caso deberá adaptarse ás dimensións do tipo de praza solicitada, pasará a ocupar o derradeiro posto da lista.

4. A lista de espera estará aberta permanentemente ata a realización dunha nova convocatoria, admitíndose a incorporación de novas solicitudes acompañadas da documentación exixida no artigo 24 e para embarcacións que se adapten ás dimensións do tipo de praza solicitada, ás que se lles asignará un número de orde atendendo en exclusiva á data de presentación da solicitude.



Artigo 31. *Efectos da resolución*

1. No prazo dun mes contado desde a notificación da resolución pola que se outorga a autorización, o seu titular deberá ocupar o posto asignado coa embarcación autorizada. Este prazo poderá ser ampliado por Portos de Galicia de existir causa xustificada a xuízo deste.

2. Unha vez que se produza a ocupación do posto de atracada, o persoal portuario ou, se é o caso, o persoal do concesionario autorizado para efectuar funcións de auxilio na vixilancia para efectuar por Portos de Galicia poderá, en todo momento, realizar as medicións correspondentes no suposto de que as dimensións manifestadas na solicitude non coincidiran coas dimensións reais da embarcación.

Se a diverxencia entre as medidas reais e as manifestadas na solicitude fora tal que non permitise a acomodación da embarcación e a súa correcta manobrabilidade no posto correspondente, a autorización outorgada caducará e será posta á disposición para nova asignación de posto de atracada.

3. Se a ocupación do posto non se levase a cabo no prazo indicado no anterior punto 1, e se con isto non se prexudican dereitos de terceiro, considerarase que o interesado renuncia a autorización e queda o posto á disposición da Presidencia para nova asignación, conforme as normas de xestión de listas de espera.

4. No caso de que a resolución veña referida a unha embarcación en construción, o seu titular deberá achegar a nova embarcación e ocupar a praza asignada nun prazo máximo de 6 meses contado desde a notificación da resolución. En caso contrario, e agás causa xustificada aceptada por Portos de Galicia, producirase a caducidade da autorización sen dereito a indemnización nin á devolución das taxas satisfeitas, que se devindicarán desde a recepción da notificación na forma prevista no artigo 35 deste decreto.

5. No caso de existir postos de atracada en base vacantes e non existir listas de espera, estes poderán ser ocupados temporalmente por embarcacións de paso no porto.

Artigo 32. *Recursos*

As resolucións do presidente de Portos de Galicia finalizan a vía administrativa e contra estas os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ou, se é o



caso, recurso potestativo de reposición conforme ao previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sección 3ª. Réxime das autorizacións

Artigo 33. Carácter da autorización

1. As autorizacións outorgaranse a título de precario e non serán inscribibles no rexistro da propiedade, así como con carácter persoal e intransferible *inter vivos* para un só titular e para unha embarcación concreta. Cando o titular da autorización sexa unha persoa xurídica, considerarase transmisión calquera cambio na titularidade das accións ou participacións que supoñan substitución dos socios ou accionistas que o foran ao tempo do outorgamento da autorización en porcentaxe igual ou superior ao cincuenta por cento do capital social.

2. Logo de solicitude formulada para o efecto, Portos de Galicia autorizará a substitución ou cambio da embarcación sempre que se trate dunha embarcación das mesmas características.

3. Noutro caso deberá formularse unha nova solicitude acompañada da documentación exigida no artigo 24 e para unha embarcación que se adapte ás dimensións do tipo de praza solicitada, solicitude que será autorizada de existir postos de atracada vacantes; en caso contrario, asignaráselle un número de orde atendendo en exclusiva á data de presentación da solicitude.

4. A autorización habilita exclusivamente a atracada da embarcación na praza asignada, e o titular non poderá realizar ningunha modificación nas instalacións nin instalar dispositivos ou elementos nestas sen contar coa autorización previa e expresa de Portos de Galicia, sendo o incumprimento desta condición causa de caducidade da autorización.

5. Portos de Galicia poderá modificar ou cambiar temporalmente de posto de atracada as embarcacións en base sempre que sexa por motivos de seguridade ou forza maior ou relativos á explotación e á planificación do porto. O incumprimento de ordes de desatraca-da, cambio de praza ou calquera outra indicación similar emitida por Portos de Galicia, será causa de caducidade da autorización, sen prexuízo da aplicación das medidas correctoras, coercitivas e executivas previstas na normativa de aplicación, na actualidade a Lei 6/2003,



do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. A falta de utilización do posto de atracada durante un período consecutivo de seis meses determinará, agás causas xustificadas relativas a invernadas ou avarías das embarcacións, a caducidade da autorización.

Artigo 34. *Prazo de vixencia da autorización*

1. O prazo de vixencia da autorización temporal será o que determine o título administrativo de autorización e non poderá ser inferior a seis meses nin superior a catro anos.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, as autorizacións correspondentes a titulares que se atopen ao corrente do pagamento tanto das taxas debidas a Portos de Galicia como, se é o caso, das tarifas debidas ao concesionario, e que non incumpriran as condicións da autorización, anovarase automaticamente polo mesmo período ao outorgado inicialmente, outorgando Portos de Galicia de oficio unha nova autorización agás que cun prazo mínimo de quince días anterior ao vencemento da autorización, o interesado manifieste fidedignamente a súa decisión de non continuar co uso e goce da atracada. Portos de Galicia solicitará, neste caso, unha declaración xurada ou promesa do titular acreditativa de que se manteñen as mesmas circunstancias que motivaron a autorización.

Artigo 35. *Aboamento de taxas e outras cantidades*

1. O titular da autorización deberá aboar a taxa portuaria vixente en cada momento aplicable ás embarcacións deportivas ou de lecer, así como as demais taxas portuarias que aplicará Portos de Galicia, e as tarifas ou prezos privados que aplicarán os concesionarios por razón da prestación por estes a aquel titular de servizos portuarios que demande.

2. Para as embarcacións autorizadas con carácter de base nun porto, e de conformidade co establecido na normativa autonómica sobre taxas, o importe da taxa X-5 correspondente a embarcacións deportivas e de lecer aplicarase polo período completo autorizado independentemente das entradas, das saídas ou dos días de ausencia da embarcación mentres teña asignado o posto de atracada.



3. A extinción da autorización por calquera das causas previstas no artigo 38 e a conseguinte baixa como embarcación de base, producirá efectos tributarios fronte a Portos de Galicia unicamente desde o semestre natural seguinte ao da extinción, non tendo o antigo titular dereito a solicitar ningunha devolución ningunha por este concepto.

4. No caso de existir un concesionario, o titular deberá aboar a esta as tarifas ou os prezos privados por prestación por este de servizos diversos aprobadas por Portos de Galicia. As ditas tarifas ou prezos privados deberán ser aboadas polo período completo autorizado cun mínimo de seis meses, sen que o concesionario se atope obrigado a reintegrar ningunha cantidade no caso de abandono da praza de atracada antes do tempo establecido.

5. Para o aboamento de todas as cantidades previstas neste artigo, a domiciliación bancaria poderá ser exixida por Portos de Galicia de o considerar conveniente para a xestión recadatoria das taxas tributarias devengadas ao seu favor pola utilización das instalacións.

Artigo 36. *Efectos da falta de autorización temporal*

1. As embarcacións que sen autorización temporal de uso estean atracadas en portos e zonas portuarias de uso náutico-deportivo suxeitas ao ámbito de aplicación deste decreto, poderán ser retiradas por Portos de Galicia subsidiariamente e á custa dos obrigados que incumprisen a orde de desatracada previa.

O importe dos danos, gastos e prexuízos ocasionados exixirase conforme o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen que Portos de Galicia se faga responsable dos deméritos ou desperfectos ocasionados con motivo da retirada.

2. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, e de conformidade co establecido no anexo 3 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, a utilización do servizo de atracada sen autorización previa, dará lugar á aplicación de cinco veces o importe da tarifa ordinaria que corresponda a partir do momento do inicio da utilización do servizo, independentemente da sanción que poida proceder por infracción do regulamento de servizo, policía e réxime do porto.



Artigo 37. *Modificación das autorizacións*

De conformidade cos principios de obxectividade e proporcionalidade e, en calquera caso, sempre que veña imposto por obras ou plans aprobados con posterioridade ao outorgamento da autorización ou pola normativa de aplicación, Portos de Galicia poderá modificar as condicións das autorizacións. Os interesados poderán, neste caso, renunciar á autorización sen dereito a ningunha indemnización, procedendo unicamente, se é o caso, o dereito á devolución das contías correspondentes ás taxas portuarias aboadas por adiantado a Portos de Galicia ou, de ser o caso, das tarifas aboadas ao concesionario, polo período de tempo non gozado.

Sección 4ª. Extinción das autorizacións

Artigo 38. *Causas de extinción*

A autorización temporal extinguirase polas seguintes causas:

1. Remate do prazo de outorgamento.
2. Revisión de oficio nos supostos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
3. Renuncia do titular, sempre que non cause prexuízo a terceiro e sexa aceptada pola Administración.
4. O mutuo acordo.
5. Disolución ou extinción da sociedade titular da autorización agás nos supostos de fusión ou escisión.
6. Revogación.
7. Caducidade.

Artigo 39. *Revogación das autorizacións*

As autorizacións temporais de uso, ao outorgarse a título de precario, poderán ser revogadas pola Administración portuaria en calquera momento e sen dereito a indemnización,



cando resulten incompatibles con obras ou plans que, aprobados con posterioridade ao outorgamento da autorización, entorpezan a explotación portuaria ou impidan a utilización do espazo portuario para actividades de maior interese portuario.

Artigo 40. *Caducidade*

1. Portos de Galicia, logo de audiencia do titular, declarará a caducidade da autorización, entre outros determinados polas leis, nos seguintes casos:

a) Abandono ou falta de utilización do posto de atracada durante un período consecutivo de seis meses agás causas xustificadas relativas a invernadas ou avarías das embarcacións.

b) Non pagamento dunha liquidación en concepto de taxa portuaria X-5 durante un prazo de seis meses con independencia de que o seu aboamento se exixa de maneira directa pola Administración portuaria ou de que exista unha subrogación no pagamento por parte dun concesionario conforme a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Para iniciar o expediente de caducidade será dabondo que non se tiver efectuado o ingreso en período voluntario. Unha vez iniciado o expediente poderá acordarse o seu arquivo se antes de ditar resolución se produce o aboamento do debido no procedemento de constrinximento e se constitúe a garantía que ao respecto fixe Portos de Galicia.

d) Incumprimento de obrigas impostas pola normativa aplicable ou cando se trate de obrigas e condicións esenciais definidas con tal carácter no título da autorización, cando a súa inobservancia estea expresamente prevista como causa de caducidade.

2. Para declarar a caducidade seguirase o seguinte procedemento, debendo notificarse a resolución expresa deste no prazo de tres meses desde o acordo de incoación:

a) Constatada a existencia dalgún dos supostos referidos, pola Presidencia de Portos de Galicia incoarase o correspondente expediente de caducidade, podendo adoptar o órgano competente para resolver as medidas de carácter provisional que estime convenientes, o que se porá en coñecemento do titular que terá un prazo de 10 días hábiles para formular alegacións e acompañar os documentos e xustificacións que considere oportunos.

As medidas de carácter provisional poderán consistir na suspensión do uso, na prestación de garantías e en calquera outras que resulten necesarias para asegurar a eficacia da



resolución que puiden recaer. Para lograr a efectividade de tales medidas, Portos de Galicia solicitará da autoridade gubernativa competente, cando sexa necesario, a colaboración da Forza Pública.

b) Formuladas as alegacións ou transcorrido o prazo para levalas a cabo, a unidade instrutora ditará proposta de resolución e finalmente corresponderá á Presidencia de Portos de Galicia ditar a resolución finalizadora do procedemento.

CAPÍTULO V

Normas de sustentabilidade e de xestión ambiental

Artigo 41. *Xestión ambiental*

Todo porto deportivo ou zona portuaria de uso náutico-deportivo, para os efectos deste decreto, deberá contar cun plan de xestión ambiental das instalacións co obxecto de protexer o contorno e primar o uso de enerxías renovables en garantía da sustentabilidade ambiental destas.

Artigo 42. *Sistemas de sustentabilidade*

Para os efectos do previsto no artigo anterior, os concesionarios das citadas instalacións deberán contar, como mínimo, cos seguintes sistemas de sustentabilidade:

1. Xestión de recursos.

a) Enerxía.

Enerxía renovable: requirirase a instalación de medidas de obtención de enerxía renovable.

Plan de aforro enerxético: todos os portos e zonas portuarias de uso náutico-deportivo desenvolverán un plan de aforro enerxético que será aprobado por Portos de Galicia logo de avaliación pola Administración competente na materia.

b) Auga.

Plan de aforro enerxético: todos os portos e zonas portuarias de uso náutico-deportivo desenvolverán un plan de aforro enerxético que será aprobado por Portos de Galicia logo de avaliación polo órgano competente na materia.



c) Consumibles.

Todos os portos e zonas portuarias de uso náutico-deportivo desenvolverán un plan de aforro que será aprobado por Portos de Galicia previa avaliación pola Administración competente na materia.

2. Xestión de residuos.

a) Xestión de residuos urbanos.

Todos os portos e zonas portuarias de uso náutico-deportivo deberán contar con sistemas de recollida segregada e de xestión na forma prevista no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020 e na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, para os residuos domésticos que se produzan nos portos e que pola súa natureza sexan asimilables aos producidos nos fogares, así como para os residuos comerciais producidos nos portos e instalacións a consecuencia da súa actividade portuaria específica.

Os sistemas de recollida e xestión será presentados a Portos de Galicia para a súa aprobación e, se é o caso, avaliados pola Administración competente na materia.

b) Xestión de residuos perigosos.

Todos os portos e zonas portuarias de uso náutico-deportivo desenvolverán un plan de xestión destes residuos, que será presentado a Portos de Galicia para a súa aprobación e, se é o caso, avaliado pola Administración competente na materia. Ademais os titulares de concesións deberán realizar un correcto almacenamento de todos os residuos perigosos xerados como consecuencia da súa actividade de acordo co previsto na lexislación sectorial aplicable, para o que, de atoparse dispoñibles, poderán empregar os medios propios de Portos de Galicia contando sempre coa súa autorización previa e nos termos que esta determine, e igualmente unha xestión deses residuos, o que implicará a súa entrega a xestor autorizado para un axeitado tratamento, agás que eles mesmos se dean de alta como xestores autorizados.

c) Xestión de augas residuais.

No caso de verteduras ao dominio público deberase dispor de medios para a súa recollida e depuración.



Calquera tipo de auga residual que se xere nas instalacións portuarias (augas fecais, augas de baldeos, augas residuais industriais etc.) e que teña por destino o dominio público deberá recollerse e depurarse axeitadamente.

No caso das augas de sentinas e augas fecais, así como calquera outras augas que se envíen á rede de saneamento con depuración final, deberase dispor de medios de recollida destas augas.

3. Responsabilidade na xestión dos residuos.

As entidades xestoras portos e instalacións son responsables dos residuos xerados orixinados a consecuencia dos servizos xerais do porto e dos derivados da súa propia actividade.

Agás que os servizos sexan prestados directamente por Portos de Galicia por ausencia ou insuficiencia de iniciativa privada, os residuos xerados a consecuencia dos servizos portuarios serán responsabilidade do concesionario.

4. Réxime de control na produción.

Os portos e instalacións deben comunicar a súa actividade como produtores de residuos perigosos e, se superan as 1.000 t/ano como produtores de residuos non perigosos á Administración autonómica competente en materia ambiental polos residuos dos que é responsable.

Se é o caso, os concesionarios que presten os servizos portuarios deberán comunicar a súa actividade de produtor polos residuos orixinados coa actividade que prestan.

5. Plan de xestión de residuos.

Todos os portos e zonas portuarias de uso náutico-deportivo desenvolverán un plan de xestión de residuos que englobe a totalidade dos residuos orixinados nos distintos servizos e actividades, que será presentado a Portos de Galicia para a súa aprobación e, se é o caso, avaliado pola Administración competente na materia.

6. Para os efectos do previsto no presente artigo, os titulares de concesións deberán dispor, se for o caso, da correspondente inscrición no Rexistro de produtores de residuos de Galicia.



Artigo 43. *Cumprimento da lexislación ambiental*

1. Os concesionarios dos portos ou zonas portuarias de uso náutico-deportivo deberán poder acreditar en todo momento o cumprimento da lexislación ambiental que resulte de aplicación e dispoñer dos permisos, autorizacións ou licenzas que, en función da actividade que se desenvolva, resulten exixibles pola lexislación ambiental vixente.

2. En caso de dispoñer de focos emisores á atmosfera débense realizar os trámites e controis regulamentarios previstos na lexislación específica sobre protección do ambiente atmosférico.

3. Todas as verteduras de augas residuais que se realicen á rede de saneamento con depuración final, deben dispoñer da correspondente autorización de conexión emitida polo titular da devandita rede.

4. Todas as verteduras de augas residuais depuradas efectuadas directa ou indirectamente ao dominio público, deberán contar coa correspondente autorización de vertedura outorgada polo organismo de cunca.

5. Con carácter xeral queda prohibido calquera tipo de vertedura ao dominio público que non conte coa oportuna autorización.

6. Nas verteduras á rede de saneamento do porto queda prohibido efectuar verteduras que:

a) Conteñan disolventes, aceites ou metais pesados.

b) Se efectúen sen o axeitado tratamento previo, agás as augas exclusivamente sanitarias.

7. No caso de que se dispoña de depósitos de combustible, deberase acreditar o cumprimento de todo o disposto dentro da normativa de referencia en canto a instalación, control e mantemento. Ademais deberán dispoñer das condicións mínimas de seguridade que impidan, no caso de accidente, a vertedura á rede de sumidoiros ou ao mar.

8. Os concesionarios dos portos ou zonas portuarias de uso náutico-deportivo deberán dar contestación a todas as comunicacións que Portos de Galicia lles faga chegar en relación co seu sistema de xestión ambiental e co grao de cumprimento deste.



9. Deberase achegar e definir un plan de prevención da contaminación, que será presentado a Portos de Galicia para a súa aprobación e, se é o caso, avaliado pola Administración competente na materia. Este plan deberá abordar aspectos tales como a contaminación mariña, terra-mar, a contaminación lumínica, a recollida de residuos flotantes e a limpeza de fondos.

CAPÍTULO VI

Potestade inspectora, infraccións e sancións

Artigo 44. *Inspección*

1. Corresponde á entidade pública Portos de Galicia a potestade de inspección, vixilancia e denuncia nos termos previstos neste decreto, na normativa de creación da entidade pública, e no resto do ordeamento xurídico, sen prexuízo das competencias que nesta materia poidan ter outras administracións e, en particular, as Forzas e Corpos da Seguridade do Estado.

2. A actuación inspectora de Portos de Galicia será realizada polo persoal designado para o efecto e, en todo caso, polos vixilantes do peirao.

3. Non obstante o disposto nos anteriores puntos, o persoal das entidades concesionarias terá as facultades de vixilancia e denuncia previstas neste decreto, así como as que se recollan nos títulos concesionais e nos regulamentos de explotación de cada porto.

Artigo 45. *Infraccións e sancións*

1. Con estrita suxeición ao previsto no título IV do Real decreto legislativo 2/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante na redacción vixente na actualidade, aplicable supletoriamente mentres non exista lexislación autonómica propia, o incumprimento das normas previstas neste regulamento constituirá unha infracción administrativa no que se refire ao uso do porto e das súas instalacións tipificadas nos artigos 306, 307 e 308 do precitado Real decreto legislativo como incumprimento das disposicións establecidas neste regulamento e no regulamento de explotación e policía dos portos, sen prexuízo da concorrencia doutros tipos previstos nesa normativa, aplicándose as sancións establecidas para tales incumprimentos no dito real decreto legislativo e na correlativa normativa de aplicación.



2. O procedemento sancionador será o previsto no capítulo VIII do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, que aproba o Regulamento da entidade pública Portos de Galicia.

3. As competencias sancionadoras serán as previstas no capítulo VIII do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, que aproba o Regulamento da entidade pública Portos de Galicia.

Disposición adicional única. *Protección de datos*

Os datos de carácter persoal obtidos con motivo do regulado neste decreto serán incorporados e tratados nun ficheiro de datos debidamente autorizado para o exercicio das funcións que lle corresponden á entidade pública Portos de Galicia. A cesión de datos farase de acordo coa Lei orgánica de protección de datos para os fins relacionados coa xestión e explotación portuarias, para o que se entende prestado o consentimento dos usuarios, de xeito que a cesión a terceiros concesionarios polas vías legais establecidas da xestión dos portos ou zonas portuarias implicará que estes terceiros poidan usar estes datos para os únicos e mesmos fins de xestión e explotación da concesión.

En todo caso, en cada concesión e en cada autorización de posto de atracada establecerase unha condición que dea cumprimento debido das normas de protección de datos de carácter persoal, regulando as relacións co encargado do tratamento de datos por parte do titular do ficheiro, o réxime de subcontratación deste tratamento, os dereitos de acceso, a rectificación, a oposición e a cancelación e impondo a obriga ao concesionario e as/os encargados de tratamento a someterse aos controis e auditorías de Portos de Galicia, xa sexa con persoal propio, xa con persoal alleo á súa estrutura, para os efectos de verificar o cumprimento das normas de protección de datos.

Disposición transitoria primeira. *Concesións vixentes á entrada en vigor deste decreto*

Os titulares de concesións administrativas sobre portos ou zonas portuarias de uso náutico-deportivo vixentes á entrada en vigor do presente decreto, deberán adaptar o seu regulamento de explotación ás prescricións do presente regulamento nun prazo de tres anos contados desde a entrada en vigor deste.

Disposición transitoria segunda. *Reversión de concesións administrativas sobre portos deportivos ou zonas portuarias de uso náutico-deportivo*

1. Os postos de atracada dun porto deportivo ou dunha zona portuaria de uso náutico-deportivo fosen sido construídas e xestionadas ao abeiro dunha concesión adminis-



trativa, cando revertan á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, e sexan declarados en base, quedarán sometidos ao establecido neste regulamento sobre o réxime de autorización temporal de uso de postos de atracada outorgadas por Portos de Galicia, sen prexuízo de que a xestión do porto ou zona portuaria poida realizarse de forma indirecta.

2. Os antigos titulares dos extintos dereitos de uso dos postos de atracada nas instalacións a que se refire o parágrafo que antecede, poderán obter a autorización de uso dun posto de atracada nestas de similares características, sempre que presenten a correspondente solicitude de autorización nun prazo máximo de seis meses contados desde a reversión acompañada da documentación establecida neste decreto.

Disposición transitoria terceira. *Autorizacións temporais vixentes á entrada en vigor deste decreto*

As autorizacións temporais de uso de postos de atracada en base existentes á entrada en vigor do presente decreto manterán a súa vixencia, ben que quedarán suxeitas ao establecido neste regulamento sobre o réxime de autorización temporal de uso de postos de atracada outorgadas por Portos de Galicia sen prexuízo de que a xestión do porto ou zona portuaria poida realizarse de forma indirecta.

Disposición transitoria cuarta. *Listas de espera existentes con anterioridade á entrada en vigor deste decreto*

As listas de espera existentes con anterioridade á entrada en vigor deste decreto que figuren publicadas na páxina web de Portos de Galicia manterán a súa vixencia ata que se produza unha nova convocatoria no porto, admitíndose, entre tanto, a incorporación de novas solicitudes ás que se aplicará o réxime previsto no artigo 30 deste decreto.

Disposición transitoria quinta. *Expedientes relativos a concesións ou autorizacións que se atopen en tramitación na data de entrada en vigor deste decreto*

Os expedientes relativos a concesións ou autorizacións que se atopen en tramitación na data de entrada en vigor deste decreto, e que non teñan finalizado por resolución definitiva en vía administrativa rexeranse polas normas vixentes ao tempo da resolución de aprobación do seu inicio.



Disposición derogatoria única

Queda derogado o artigo 25 do Regulamento do ente público Portos de Galicia, ditado en aplicación e desenvolvemento da Lei 5/1994, do 29 de novembro, aprobado polo Decreto 227/1995, do 20 de xullo.

Disposición derradeira primeira. *Xestión electrónica de procedementos*

Dentro do proceso de implantación da sede electrónica da entidade pública Portos de Galicia, e mediante orde da consellería competente na materia, desenvolverase a xestión electrónica dos procedementos de outorgamento de concesións administrativas para a construción e/ou explotación dos portos deportivos ou das zonas portuarias de uso náutico-deportivo e do outorgamento e dos procedementos de autorización temporal de uso de postos de atracada outorgadas por Portos de Galicia sen prexuízo de que a xestión do porto ou zona portuaria poida realizarse de forma indirecta

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo*

Habilítase a persoa titular da consellería competente en materia de portos para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento do previsto neste decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, un de agosto de dous mil trece

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Medio Rural e do Mar

